



En Sada, a 21 de maio de 2025

D. Manuel Suárez Blanco con D.N.I. 79.316.287-M, en calidade de Secretario da Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro "Golfo Ártabro Sur", con enderezo na Casa do Mar Av do Porto S/N baixo, 15160 Sada e inscrita no Rexistro de Asociacións co número 2009/012900-1 (AC) e con CIF-70.184.494.

Certifica:

Que pasados os 10 días hábiles e non tendo recibido ningunha alegación á proposta provisional de proxectos das partidas orzamentarias 760 (concellos), 770 (empresariais), 780 (non empresariais), así como os desestimados/inadmitidos da Convocatoria 2025 e segundo o acordado no punto 10 da reunión de Xunta Directiva Extraordinaria e Urgente de data 5 de maio de 2025 a proposta provisional pasa a ser definitiva, polo que a Proposta Resolución Definitiva será publicada da mesma forma e nos mesmos lugares que a Proposta de Resolución Provisional.

O proxecto pendente de documentación PE155A-2025-00250, minórase en base a documentación presentada, segundo art.9.2 f) de boa xestión. A Xunta Directiva foi informada segundo os acordos 6 e 10 da Reunión Xunta Directiva anterior e está conforme con ditas minoracións, polo que se actualiza a Proposta de Resolución Definitiva de Xunta Directiva na Partida Orzamentaria 780.

Achéganse como anexos a esta resolución definitiva da Xunta Directiva:

- Anexo I. Proposta de resolución definitiva Xunta Directiva PARTIDA ORZAMENTARIA 760
- Anexo I. Proposta de resolución definitiva Xunta Directiva PARTIDA ORZAMENTARIA 770
- Anexo I. Proposta de resolución definitiva Xunta Directiva PARTIDA ORZAMENTARIA 780
- Anexo II Proposta de resolución definitiva Xunta Directiva DESISTIMADOS/INADMITIDOS (760-770-780)
- Anexo III Baremación. Follas resumo

Esta Proposta Definitiva de proxectos non crea ningún dereito favor solicitante proposto, estando suxeita á dispoñibilidade orzamentaria de crédito para as partidas orzamentarias 760, 770 e 780 para a Convocatoria 2025 segundo a Orde de axudas do 12 de febreiro de 2025.

Achéganse os acordos da Xunta Directiva do 5 de maio de 2025.

Que segundo se recolle na acta da Reunión Extraordinaria e Urgente de Xunta Directiva celebrada o día 5 de maio de 2025 na sede do GALP Golfo Ártabro Sur, sita en Avenida do Porto 21 Baixo, en Sada, nos puntos, 1. "Asino das declaracións de ausencia de conflito de interese, e asino, de ser o caso, da declaración de conflito de interese" e 2 "Presentación da proposta do equipo técnico dos proxectos abeiro das partidas orzamentarias 760, 770 e 780, renuncias, inadmisións, presentados á convocatoria de 2025,

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70% e 30% Fondos estatais



**Cofinanciado por
la Unión Europea**





aprobación se procede. Revisión, análise, baremación e priorización dos proxectos presentados, e aprobación se procede da proposta provisional da Xunta Directiva dos proxectos presentados, á convocatoria de 2025." as entidades membro da Xunta Directiva (estando presentes ou representadas seis das dezasete que conforman a Xunta Directiva) acordaron o seguinte en relación á proposta de resolución:

1. A Xunta Directiva do GALP Golfo Ártabro Sur seleccionou provisionalmente os proxectos que considerou prioritarios para a execución da súa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, de conformidade cos criterios establecidos nesta, e no estipulado na "Orde de Axudas do 12 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axuda para proxectos ao Abeiro das Estratexias de Desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2025 (DOG nº36 do 21 de febreiro de 2025).
2. Todas as persoas presentes, en representación das entidades membro da Xunta Directiva, segundo o punto 1º da Orde do día, asinaron a declaración de ausencia de conflito de interese, e ausentáronse da mesma, nos momentos de revisión, análise e votación do seus proxectos, no caso da súa implicación nos mesmos.
3. Nos caso de empate nas puntuacións dos proxectos, a equipa técnica aplicou o punto 11 do artigo 19 "fase de instrución" da Orde de Axudas de 12 de febreiro de 2025, e no caso que persistira o empate, no caso de proxectos produtivos, priorizouse polo promotor mozo (menor de 40 anos), promotor maior de 55 anos.
4. Para unha axeitada xestión dos fondos no noso territorio, e poder acadar o cumprimento ao máximo o obxectivo financeiro do programa, tendo en conta o Convenio asinado coa Consellería do Mar que ten por obxecto "establecer as condicións e obrigas que asume o GALP como entidade colaboradora da Consellería do Mar na dobre vertente de axente de desenvolvemento na aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativa da zona pesqueira, e na xestión e control das axudas que se tramiten para o desenvolvemento da estratexia", a Xunta Directiva acorda que se aprobe a proposta técnica e se aproben todos os proxectos dos concellos da partida 760, os proxectos empresariais da partida 770, os proxectos non empresariais da partida 780, polas puntuacións e contías establecidas nos anexos, tendo en conta o límite orzamentario da Consellería do Mar e na propia Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do Galp Golfo Ártabro Sur, así como os proxectos desestimados/inadmitidos.





5. Que no caso de non existir crédito orzamentario para atender todas as solicitudes aprobadas desta convocatoria 2025, a Xunta Directiva acorda que sexan incorporadas a unha lista de reserva, tendo en conta o artigo 21.4 da Orde de axudas do 12 de febreiro de 2025 "Establecerase unha listaxe de reserva con aqueles proxectos incluídos na proposta de resolución definitiva dos GALP que non poidan recibir axuda por falta de crédito, que será empregada para os casos nos que non se esgote o crédito dispoñible ou se incremente este posteriormente en virtude de renuncias, de modificación de resolución de concesión ou de dotacións orzamentarias adicionais".
6. Esta proposta de resolución provisional queda condicionada á revisión por parte do equipo técnico do GALP Golfo Ártabro Sur da documentación que foi requirida ás entidades solicitantes das axudas.
7. Esta proposta de resolución provisional da Xunta Directiva para proxectos das partidas orzamentarias 760 (Concellos), 770 (empresariais), 780 (non empresariais), así como os desestimados/inadmitidos da Convocatoria 2025, non crea ningún dereito favor solicitante proposta, estando suxeita á dispoñibilidade orzamentaria de crédito para as partidas orzamentarias 760, 770 e 780 para a Convocatoria 2025 segundo a Orde de axudas do 12 de febreiro de 2025.
8. Outórgase un prazo de alegacións de 10 días hábiles contados dende a data da súa publicación no taboleiro de anuncios do GALP Golfo Ártabro Sur, que será o día 5 de abril de 2025.
9. Informar que esta proposta de resolución provisional publicárase na páxina web dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia (<https://galp.xunta.gal>) e no taboleiro de anuncios do GALP Golfo Ártabro Sur.
10. Os representantes das entidades membros da Xunta Directiva acordan que unha vez publicada a resolución provisional – segundo o artigo 20 da Orde de axudas do 12 de febreiro de 2025 – abrir un prazo de alegacións de 10 días hábiles; no caso de non recibir alegacións ao respecto, quedarían aprobadas definitivamente as propostas de resolución provisional, elevando a público unha proposta de resolución definitiva, sen necesidade de levar a cabo unha nova reunión de Xunta Directiva presencial, ao non existir alegacións nin modificacións de ningún aspecto nos acordos tomados nos diferentes proxectos nesta reunión, e que tiveran que ser novamente debatidos polos membros.

No caso de revisións da documentación presentada, e que afecten ao contido na proposta provisional, o equipo técnico deberá informar aos membros da Xunta Directiva dos cambios realizados para a súa conformidade ou non conformidade a través do correo electrónico, previo á publicación da proposta definitiva.

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70% e 30% Fondos estatais



**Cofinanciado por
la Unión Europea**





Na fase de concesión procederase segundo Art.2.2 e os Art.21 4 e 7 da Orde de Axudas do 12 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axuda para proxectos ao Abeiro das Estratexias de Desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2025 (DOG nº36 do 21 de febreiro de 2025).

Acordase que si houbera algunha alegación a Xunta Directiva reunirase o vindeiro martes 20 de maio de 2025 para estudialas e estimalas o desestimar as alegacións e realizar a proposta definitiva, se non actuarase segundo o primeiro parágrafo deste punto.



11. Achégase como anexo a esta resolución provisional da Xunta Directiva:

1. Anexo I. Proposta de resolución provisional Xunta Directiva PARTIDA ORZAMENTARIA 760
2. Anexo I. Proposta de resolución provisional Xunta Directiva PARTIDA ORZAMENTARIA 770
3. Anexo I. Proposta de resolución provisional Xunta Directiva PARTIDA ORZAMENTARIA 780
4. Anexo II Proposta de resolución provisional Xunta Directiva DESISTIMADOS/INADMITIDOS (760-770-780)
5. Anexo III Baremación. Follas resumo

12. Unha vez contestadas as alegacións (se as houbera), o GALP Golfo Ártabro Sur formulará a proposta resolución definitiva que será publicada da mesma forma e nos mesmos lugares que a resolución provisional.

13. Por último, acordase pola Xunta Directiva que a Presidencia e equipo técnico realicen todo o necesario segundo o procedemento para levar a cabo todos os acordos desta Xunta Directiva.

E para que conste, aos efectos oportunos.

En Sada, a 21 de maio de 2025

Asinado:

Manuel Suárez Blanco
Secretario



C.I.F.: G-70184494

Vº e Prace
Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Sur
Avda. do Porto nº21 - baixo
15160 Sada - A Coruña - España

Alberto L. García Castro
Presidente

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70% e 30% Fondos estatais



Cofinanciado por
la Unión Europea

